

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
	IES SÁNCHEZ CANTÓN	PONTEVEDRA	2019 – 2020

### Ensinanza

Currículo	Ensinanzas	Título	Grao	Réxime
DECRETO 372/2003, do 16 de setembro	DEPORTIVAS (RÉXIME ESPECIAL)	TÉCNICO DEPORTIVO SUPERIOR EN FÚTBOL (1020 h) NIVEL III	SUPERIOR	PRESENCIAL

### Módulo profesional

Código	Nome	Curso	Trimestre	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
	PROXECTO FINAL	N3	3º	3,5	75	87,5

### Profesorado responsable

Elaboración	PEDRO VICENTE VILA, TOMÁS MONTOYA ABOAL, ANTONIO VILLAMOR PÉREZ, EMILIO PINTOS SOTO.
Impartición	PEDRO VICENTE VILA, PEDRO VICENTE VILA, TOMÁS MONTOYA ABOAL, ANTONIO VILLAMOR PÉREZ, EMILIO PINTOS SOTO.

## 2. Concreción do currículo en relación á súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Competencias específicas do módulo (saber e saber facer):

- Comprobar que o alumno asimilou e é capaz de integrar, sincretizar e aplica-los coñecementos teórico-prácticos adquiridos durante o proceso formativo.
- Desempeñar unha actividade profesional no campo propio de técnico deportivo superior en fútbol.

### 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

UD	Título	Descrición	Duración (sesións)
1	DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO FINAL	Deseño e elaboración dun proxecto de desenvolvemento das competencias adquiridas durante o proceso formativo nos diferentes niveis dos ciclos de grao medio e superior de técnico deportivo en fútbol niveis I-II-III.	87,5
<b>TOTAL</b>			87,5

### 4. Metodoloxía

Baseada no aprendizaxe práctico e titorizado, con actividades que estimulen a investigación e o coñecemento segundo a aplicación do método científico, a resolución de problemas reais e a evolución fronte un aprendizaxe autónomo, autorregulado e con emprego de TIC.

Os deseño e elaboración de traballos de investigación, a elaboración de informes, análise do xogo, a elaboración de informes individualizados baseados na metodoloxía observacional, a planificación e programación de procesos de adestramento - competición no eido do fútbol de alto rendemento, o deseño de programacións dos procesos de ensino – aprendizaxe no fútbol, as revisións bibliográficas, os proxectos de xestión e organización de entidades deportivas, as actividades expositivas, a defensa de proxectos e a súa exposición pública serán as principais categorías de actividades a desenvolver durante o módulo de proxecto final.

## 5. Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

1. Os alumnos/as teñen dereito a que o seu rendemento escolar se avalíe con plena obxectividade.
2. O proceso de avaliación será continuo o longo de todo o proceso formativo.
3. Realización dun traballo orixinal.
4. Utilización dunha linguaxe clara e unha correcta e terminoloxía específica.
5. Presentación e estruturación correcta do proxecto. Pertinencia e viabilidade do proxecto.
6. Realización dunha completa revisión bibliográfica.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.1 Procedemento para definir as actividades de recuperación

1. Durante o curso poderanse facer conforme o horario elaborado pola xefatura de estudos actividades de titoría para aqueles alumnos/as que non acadaran unha avaliación positiva na avaliación final do módulo.
2. As actividades de titoría e desenvolvemento do proxecto definiranse conforme os resultados obtidos polos alumnos/as na avaliación anterior e centraranse de xeito concreto nos erros e as dificultades amosadas.
3. O marxe do tratamento específico destas actividades manterase un enfoque global e integrador dos contidos científicos, tecnolóxicos e organizativos do módulo.
4. Aplicarase unha metodoloxía baseada na resolución de problemas, a investigación e o aprendizaxe práctico, coa realización de actividades expositivas, actividades guiadas, actividades que estimulen o aprendizaxe autónomo, autorregulado e co emprego de TIC.
5. No inicio do curso académico asignarase titor de prácticas e horario de titorías presenciais/telemáticas para o alumnado pendente de a presentación do proxecto final.

### 6.2 Procedemento para definir a proba de avaliación na convocatoria extraordinaria

1. O alumno/a que non supera o módulo de proxecto final na convocatoria ordinaria terá dereito a realizar probas de avaliación nunha convocatoria extraordinaria.
2. A proba da convocatoria extraordinaria deberá medir de xeito mínimo as capacidades terminais elementais asociadas á unidade de competencia asociada o módulo.
3. A proba consiste na presentación (en base as directrices da acción titorial), exposición e defensa ante tribunal colexiado dun proxecto final que desenvolva as capacidades terminais adquiridas durante o proceso formativo de xeito positivo no que o alumno/a deberá obter unha puntuación mínima de 5 nunha escala de 1 – 10.

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

1. Faranse xuntanzas de titoría periódicas para o seguimento da programación didáctica do módulo. Establecese con anterioridade o proceso un calendario de titorías de obrigado cumprimento co gallo de garantir a calidade dos proxectos finais presentados.
2. Na reunión farase unha valoración xeral das actividades de ensino – aprendizaxe realizadas ata o momento, especialmente no que afecta o tempo que precisan para o seu correcto desenvolvemento, a metodoloxía empregadas os resultados de avaliación.

## **8. Medidas de atención á diversidade**

### **8.1 Procedemento para a realización da avaliación inicial**

1. TEMPORALIZACIÓN: A xuntanza de avaliación inicial farase despois da asignación dos proxectos propostos polo alumnado e aprobados polo tribunal colexiado.
2. OBXECTIVOS:
  - a) Coñecer as características, capacidades e formación previa dos alumnos/as.
  - b) Orientar e situar o alumnado en relación co proxecto final correspondente.
  - c) As medidas de atención á diversidade mais salientables respecto o curso académico 2019 - 2020, para este módulo de proxecto final consisten no desenvolvemento da exposición e defensa do proxecto final vía telemática.
  - d) As medidas de atención á diversidade mais salientables respecto o curso académico 2019 - 2020, para este módulo de proxecto final consisten no desenvolvemento das titorías individuais telemáticas.

## 8.2 Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

1. No caso de alumnos/as con necesidades educativas especiais:
  - a) Adaptación das condicións de accesibilidade ó centro.
  - b) Adaptación dos recursos de apoio.
  - c) Flexibilización para cursar o módulo cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral (require autorización administrativa).
2. No caso de alumnos/as con dificultades de aprendizaxe:
  - a) Actividades de reforzo individualizadas.
  - b) Favorecer un método de aprendizaxe baseado na práctica, experiencia e investigación a partir de intereses dos alumnos/as, estudos de caso e o emprego de recursos TIC.

## 9. Aspectos transversais

### 9.1 Actividades complementarias e extraescolares

1. No módulo de proxecto final non se plantexa o desenvolvemento de actividades complementarias/extraescolares dirixidas a formación integral do alumnado matriculado no devandito módulo.

## **10. Bibliografía recomendada**

Recomendarase documentación bibliográfica baseada na temática a desenvolver polo alumnado en cada proxecto final.

Recomendarase a utilización de motores de achega (Medline, Pubmed), bases de datos (Scopus, Sport Discus), repositorios de publicacións (Teseo, Dialnet) e buscadores de información relativa o proxecto final a desenvolver.